

de Traballo e Benestar, nas páxinas web (<http://benestar.xunta.es>) e (<http://www.escolasinfantis.net>) e nos propios centros.

As/os solicitantes admitidas/os disporán do prazo establecido, de conformidade coa orde, para matricularse presentando no centro onde obtivesen praza o impreso de matrícula debidamente cuberto acompañado de certificado médico da/o nena/o. O impreso de matrícula facilitarase nos propios centros, así como nas páxinas web (<http://benestar.xunta.es>) e (<http://www.escolasinfantis.net>).

De non formalizar a matrícula da/do nena/o no prazo sinalado, considerarase decaída/o na súa solicitude.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Consellería de Traballo e Benestar no prazo dun mes que comezará a contar o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Ourense, 28 de maio de 2010.

José Sela Souto
Xefe territorial de Ourense

Resolución do 28 de maio de 2010, do Departamento Territorial de Vigo, pola que se procede á publicación da relación definitiva de nenas/os admitidas/os para o curso 2010-2011 nas escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

Con data do 11 de marzo de 2010 publicouse a Orde do 5 de marzo de 2010 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas en escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para o curso 2010-2011.

Estudadas pola Comisión de Baremación todas as reclamacións presentadas e resoltas pola/o xefa/e territorial, procédese á publicación da relación definitiva de admitidas/os e da lista de espera coa puntuación obtida en casa caso.

Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva, que se poderá consultar nos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, nas páxinas web (<http://benestar.xunta.es>) e (<http://www.escolasinfantis.net>) e nos propios centros.

As/os solicitantes admitidas/os disporán do prazo establecido, de conformidade coa orde, para matricularse presentando no centro onde obtivesen praza o impreso de matrícula debidamente cuberto acompañado de certificado médico da/o nena/o. O impreso de matrícula facilitarase nos propios centros, así como nas páxinas web (<http://benestar.xunta.es>) e (<http://www.escolasinfantis.net>).

De non formalizar a matrícula da/do nena/o no prazo sinalado, considerarase decaída/o na súa solicitude.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Consellería de Traballo e Benestar no prazo dun mes que comezará a contar o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 28 de maio de 2010.

Mª Carmen Bianchi Valcárcel
Xefa territorial de Vigo

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 28 de maio de 2010 pola que se determina a época de perigo alto de incendios.

O artigo 9 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establece que, en consideración aos antecedentes e datos históricos sobre o risco de aparición de incendios forestais en Galicia e sobre a incidencia das variables meteorolóxicas no comportamento do lume, a consellería con competencias en materia forestal definirá a época de perigo alto que condicionarán a intensidade das medidas que se vaian adoptar para a defensa do territorio de Galicia.

As análises espacio-temporais dos lumes forestais en Galicia nos últimos vinte anos reflicten dúas épocas cun incremento notable da actividade incendiaria e, polo tanto, débense considerar como épocas de perigo alto de incendios:

-Unha época fixa no período estival, que se corresponde normalmente coa campaña de incendios, durante os meses de xullo, agosto e setembro.

-Unha época variable, cunha duración aproximada dun mes, que oscila normalmente entre os meses de febreiro, marzo e abril.

Nestas épocas o despregamento de medios de extinción e alerta deberá ser máximo, en función dos índices de risco.

A ampliación como período de perigo alto da época fixa no período estival, así como a declaración como perigo alto da época variable, requiren de mecanismos áxiles e eficaces que permitan dar a coñecer estas circunstancias de modo inmediato aos medios implicados nos traballos de prevención e defensa contra incendios forestais, xa que os índices de risco de incendios e as predicións meteorolóxicas de que se dispón na actualidade só permiten facer previsión fiables como máximo a tres días. Por isto, procede establecer un medio dotado de maior celeridade que permita o coñecemento xeral e a adecuada

publicidade da previsión de novos períodos para ofrecer maior seguridade e garantías aos cidadáns.

Con base no exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPÓN:

Artigo único.-*Época de perigo alto de incendios.*

Decláranse como época de perigo alto de incendios forestais durante o ano 2010 as datas comprendidas entre o 1 de xullo e o 30 de setembro.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Montes para ditar cantas instrucións sexán precisas para modificar as ditas datas e declarar como perigo alto outras épocas do ano, cando as condicións meteorolóxicas ou outras circunstancias agraven o risco de incendios.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Corrección de erros.-Resolución do 25 de febreiro de 2010, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso na categoría 041 do grupo IV de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia (oficial de defensa contra incendios forestais), pola quenda de acceso libre, convocado pola Orde do 4 de decembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 241, do 12 de decembro), pola que se fai público o baremo definitivo da fase de concurso.

Advertidos erros na resolución antes citada, publicada no DOG nº 46, do 9 de marzo de 2010, é necesario facer as seguintes correccións:

Na páxina 3.081, no anexo da resolución, onde di:

Delgado González, Marcial	34915167V	30,00	2,5	3,00	4,00	39,05
---------------------------	-----------	-------	-----	------	------	-------

Debe dicir:

Delgado González, Marcial	34915167V	30,00	2,05	3,00	4,00	39,05
---------------------------	-----------	-------	------	------	------	-------

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO TRES DE PONTEVEDRA

Cédula de notificación (198/2009).

No procedemento de referencia foi ditada a resolución cuxo encabezamento e parte dispositiva é do teor literal seguinte:

«En Pontevedra, o dez de febreiro de dous mil dez.

Indalecio Conde González, maxistrado xuíz de Primeira Instancia número tres de Pontevedra e o seu partido, tendo visto os presentes autos de procedemento ordinario 198/2009, seguidos ante este xulgado, entre partes, dunha como demandante *Polar Clima, S.L.* co procurador Pedro Antonio López López e a letrada Irene Villa Martínez, e da outra como demandado *Acuber Ingenieros, S.L.*, José Luis Bernal Polo, Marina Cortegoso Varela, José Luis Acuña Rivadulla, Benito Pereira Garrido, María Dolores González Santomé, Sonia Carballo Fernández, José María Graña Domínguez, María Dolores Vidal Gis, sobre outras materias, e, decido que, estimando a demanda formulada polo procurador dos tribunais Pedro A. López López, en nome e representación de *Polar Clima, S.L.*, contra os compradores *Acuber Ingenieros S.L.*, Benito Pereira Garrido, José María Graña Domínguez e contra os fiadores José Luis Bernal Polo, Marina Cortegoso Varela, José Luis Acuña Rivadulla, María Dolores González Santomé, Sonia Carballo Fernández, María Dolores Vidal Gis, debo condenar e condeno os demandados a aboaren solidariamente á demandante a cantidade de 150.000 euros e o xuro legal desde a reclamación xudicial, con imposición aos demandados das custas.

Contra esta resolución cabe recurso de apelación que se interporá por escrito ante este xulgado no termo de 5 días.

Así o pronuncio, mando e asino por esta miña sentenza».

E como consecuencia do ignorado paradiro de José María Graña Domínguez, expídese esta cédula para que sirva de cédula de notificación.

Pontevedra, 9 de marzo de 2010.

Sandra Pérez López
Secretaria xudicial

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO CATRO DE VIGO

Edicto (976/2008).

Ángel Gómez Santos, secretario do Xulgado de Primeira Instancia número catro de Vigo, fago saber